



INFORME XURÍDICO

UNIDADE SOLICITANTE:	DIRECCIÓN DE RECURSOS HUMANOS E RÉXIME INTERIOR
DATA DA SOLICITUDE:	22 de abril de 2014.
ASUNTO:	PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVA PARA A SUBMINISTRACIÓN SUCESIVA E POR PREZO UNITARIO DE BENS CONSUMIBLES MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO

Visto o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación administrativa para a subministración sucesiva e por prezo unitario de bens consumibles mediante procedemento aberto, infórmase que o mesmo axústase ao disposto no Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do sector público (TRLCSP), e á demais normativa aplicable en materia de contratación administrativa.

En consecuencia, considérase que o devandito prego é apto para regular o contrato que no seu día se formalice, se ben estímase conveniente a observancia do exposto a continuación.

No informe da unidade proponente xustificáranse cada un dos criterios que se terán en consideración para adxudicar o contrato expresando as razóns polas cales, tendo en conta o obxecto do contrato, estes criterios permiten no seu conxunto avaliar de forma obxectiva o nivel de rendemento de cada oferta respecto do obxecto do contrato tal como se define nas especificacións técnicas, así como avaliar a relación calidade/prezo de cada oferta para seleccionar a oferta economicamente máis vantaxosa.

Nese informe estimárase e xustificárase o importe calculado das prestacións obxecto do contrato atendendo ao prezo xeral de mercado e no orzamento recollerase a valoración dos distintos compoñentes da prestación. Para a determinación do orzamento resulta conveniente referenciar o custo das subministracións obxecto do contrato alomenos durante o último ano. Propondrá tamén os parámetros ou valores que se deben recoller nos pregos que permitan apreciar o carácter anormal e desproporcionado das ofertas.

En relación ás penalidades deberá xustificarse no expediente a súa necesidade para a correcta execución do contrato.

Ao expediente de contratación deberá incorporarse o certificado de existencia de crédito e a fiscalización previa da Dirección de Intervención Xeral e Asuntos Económicos.



Completado o expediente de contratación dítase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 110 do TRLCSP).

Santiago de Compostela, 22 de abril de 2014

A letrada

María Aneiros González